

ELDORADO XXI

[Salomé Lamas, 2016]

170

OS OLLOS VERDES: SALOMÉ LAMAS

OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX: 21.11.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Eldorado XXI (2016, 125')
Dirección: Salomé Lamas
Guión: Salomé Lamas
Montaxe: Telmo Churro
Fotografía: Luis Armando Arteaga
Son: Bruno Moreira
Música: João Lobo, Norberto Lobo
Produtora: O Som e a Fúria (Portugal)
Distribuidora: O Som e a Fúria
Formato de proxección: DCP 2K, 1.77:1
Idiomas orixinais: Español, quechua e aymara

FILMOGRAFÍA

A torre, 2015 (curtametraxe)
Le boudin, 2014 (curtametraxe)
Theatrum Orbis Terrarum, 2013 (curtametraxe)
Terra de ninguém, 2012
A comunidade, 2012
Encounters with Landscape (3x), 2012 (curtametraxe)

FESTIVAIS

Berlinalde 2016 (Fórum),
Hong Kong 2016 (sección oficial),
Fénix 2016 (sección oficial)

SINOPSE

Documental etnográfico misterioso e inquietante, gravado no asentamento humano máis alto do mundo, La Rinconada e Cerro Lunar, a 5.100 metros de altitude, nos Andes peruanos. Alí os poboadores son levados por unha ilusión á autodestrución, motivados polos mesmos intereses e utilizando as mesmas ferramentas que as usadas en tempos ancestrais.

“Un traballo realmente salientábel cuxas incríbeis palabras e imaxes perduran na nosa mente”

Harriet Warman. BRITISH FILM INSTITUTE

ELDORADO XXI + AULA OS OLLOS VERDES

«Como eliminar o límite entre a ficción e os feitos?»

LUNS 21 DE NOVEMBRO 2016
18:00

Entrada libre e gratuíta até completar aforo. Reservas en comunicacion@numax.org
Duración estimada: 2 horas



Fotografía: Claire-Emmanuelle BUR

“Síntome como un zapateiro traballando no seu taller”

Entrevista a Salomé Lamas

Por Jorge Mourinha

Eldorado XXI tivo a súa estrea oficial no Fórum da Berlinalde. Era algo buscado por ti? Discutín cos produtores sobre o lugar ideal para estrear. Dentro da grande entroidada que adoitan ser os festivais de cinema, o Fórum está aberto a traballos serios e trátaos en consonancia. Trátase dunha sección coidadosamente comisariada.

O Fórum ofrece a posibilidade de ir alén do propio cinema, establecendo conexións coas artes visuais e multimedia. Iso é algo que coñeces ben, pois vas saltando continuamente do traballo en instalacións ao cinema máis tradicional. De que maneira decides cal é a forma idónea para cada proxecto? No caso específico de *Eldorado XXI*, a idea orixinal era crear

unha caste de híbrido documental, con guión e personaxes moi abertos. Mais logo mudou de dirección. No longo plano de comezo estaba pensando en facer unha peza en paralelo para museo, mais cando cheguei a La Rinconada decateime de que ese plano podería funcionar ben como parte do filme. A partir dese momento sentín que empregar o plano como peza de museo sería canibalizar o meu traballo, e esa decisión converteu o filme en algo máis radical, menos clásico. Mais volvendo á pregunta, os meus estudos proveñen do mundo do cinema e só máis tarde fixen o meu máster en arte, polo que as instalacións museísticas son algo máis recente.

Algúns proxectos demandan un financiamento máis forte e levan a resultados diferentes. É distinto ir a La Rinconada cos teus propios medios que cunha equipa logo de dous anos agardando polo orzamento preciso. Sempre me encontro envolvida en diferentes proxectos ao mesmo tempo. Este ano vou pasar un mes nas selvas de Borneo e teño outro proxecto que quero gravar en Oriente Medio, entre El Cairo, Dubai e Beirut. Logo acometo outros proxectos máis pequenos que tamén son necesarios para min. Non só por razóns

NA LIBRARÍA NUMAX

OS LIBROS DE SALOMÉ LAMAS

O caderno dourado, Doris Lessing. Galaxia, 2009

Ulises, James Joyce. Galaxia, 2013

Against Interpretation, Susan Sontag. Penguin, 2009

Selección de escritos, Robert Smithson. Alias, 2015

Ébano, Ryszard Kapuscinski. Anagrama, 2000

El malogrado, Thomas Bernhard. Alfaguara, 2011

Obras completas, Walter Benjamin. Abada, 2015

Comunidade, Luz Pacheco

Destruction of the Faheer, Louise Bourgeois

The Art of Cruelty, Maggie Nelson

Colaboran:



BIOFILMOGRAFÍA

Salomé Lamas (Lisboa, 1987) estudou cinema en Lisboa e Praga e artes visuais en Amsterdam, finalizando o doutoramento en arte contemporánea en Coimbra. A súa obra atravesamos diversos formatos e linguaxes, desde o documental cinematográfico até a instalación e ten acadado numerosos recoñecementos en festivais e museos de prestixio internacional como a Berlinale, BAFICI, FID Marseille, Viennale, Cinema du Réel, Rockefeller Foundation ou a Fundação Calouste Gulbenkian por citar só algúns exemplos. No seu traballo cinematográfico destaca o documental *Terra de ninguém* (2012) arriscada peza que recolle nun plano frontal as declaracións dun home que confesa os crimes nos que ten participado a soldo da CIA, a PIDE ou os GAL. Na edición de 2016 da Berlinale vén de estrearse, con moi boa acollida, *Eldorado XXI*.



artísticas senón porque me permiten ter un traballo e manter unha rutina diaria, como calquera outra persoa.

Gravar nos Andes peruanos semella un xeito curioso de vivir o cotiá.

Non teño unha visión romántica da realización, e considero que creatividade e talento son palabras baleiras. Síntome como un zapateiro traballando no seu taller cun patrón que ten que coñecer ben para poder mellorar. Trátase dunha experiencia que che fai mirar todo de maneira diferente. Paréceme completamente condenábel que algúns directores graven no estranxeiro dun xeito gratuito: ao non haber suficientes dramas no hemisferio norte ou no lugar no que viven buscan no mundo onde ir gravar. Son filmes moi doados de identificar, próximos ao documental militante ou partidista e non me estimulan como espectadora. Coido que teñen moitos problemas éticos.

Así, por unha banda, trátase de manexar a túa vida diaria, e pola outra de tentar enxergar como a vida noutros espazos pode interferir contigo e viceversa. Así é como a meirande parte das ideas agroman no meu traballo. O sentido da espera, de atopar algo sorprendente que gravar; de sentirme unha extraterrestre nunha realidade diferente e como esa fricción xera un proxecto, un desexo de traer ao presente realidades descoñecidas ou esquecidas.

Mais un artesán adoita traballar na súa mesa, namentres que ti viaxas ao longo do planeta... Iso ten a ver cunha certa confusión mental e un sentido da

hiperactividade [risas]. Gústanme os paradoxos, os conflitos. Non me gusta gravar sen máis, así que me poño en situacións nas que non sei que vai suceder logo. Ás veces cómpre ter un chisco de sorte, mais cómpre estar á espreita, agardando o que poida suceder. Iso tamén conecta coa miña incapacidade para separar a vida do traballo e de estar en varios proxectos ao mesmo tempo. Podo estar a gravar algo nun recanto concreto do mundo que de súpeto se relaciona con algo totalmente diferente, daquela tomo nota e fica aí para futuros proxectos. Non se pode compartimentar o cerebro. Todo sucede constantemente ao mesmo tempo.

Coidas que o espectador terá unha perspectiva diferente do seu traballo se acceden a el por vez primeira no teatro ou no museo?

Coido que non, mais é difícil para min dicilo porque son a autora. É algo que atinxe máis a críticos, comisarios e mesmo ás institucións. Non é algo que me preocupe. Síntome atraída por unha serie cousas relativas aos confíns do mundo, lugares exiliados, marxinados. Estou sempre á busca dos límites das formas. Non creo que o meu cinema proceda de reflexións teóricas senón dun cariz meu máis... kamizake, un chisco irresponsábel mais ao mesmo tempo moi pragmático. Son moi consciente dos riscos que corro, que son sempre medidos aínda cando eu tente ignorar os límites físicos ou xeográficos.

Por que te sentes tan atraída cara a eses límites? Sinto curiosidade cara á xente, cara ao que me rodea, e en como trasladar a realidade á linguaxe fílmica.

O teu traballo convida ao espectador a experimentar a viaxe contigo, a non ser unha simple testemuña.

Absolutamente, non me gusta a preguiza. Estou interesada en como muda a percepción do público. Gústame testar os límites do espectador en termos de apreciación e comprensión. Non me gusta ir a un museo e ollar pezas interactivas porque se atopan habitualmente acompañadas de instrucións sobre como interactuar. Interésanme máis os espectadores activos. Esencialmente, eu fago preguntas que son máis grandes ca min mesma e có público. Unha pregunta ten sempre unha resposta mais non se atopa no filme, ou se se atopa fica agochada nunha pequena caixa que o espectador terá que atopar.

Tes dito que non che gusta gravar.

Sentes máis pracer ao montar? Supoño. Se cadra é aí onde me sinto participar do mundo. Estou sempre a moverme polo pracer de ollar, non tanto por amosar as miñas viaxes. Sinto enorme un enorme pracer no ollar mais nunca é de abondo. Por iso vou na procura dos extremos, porque nunca teño suficiente cun cinema realista.

Semella coma se tiveses unha caste de adicción.

Si, se cadra, mais é algo que ten a ver cunha certa obsesión. Sempre quero ir máis aló aínda que sei que nunca vou chegar a un destino. Pero a viaxe ten sempre máis importancia có destino. O que importa é que fun a La Rinconada e estiven un certo tempo cun grupo de xente. Iso perfila o filme pero o resultado é sempre impredecíbel. Antes de ir aló só

podía dicir, vou ir alí e traer un filme de volta. Mais ese filme pode ser A, ou B, ou C...

Recoñeces algunha liña que atraveses e conecte todos os teus filmes?

Unha ollada propia? Tento pensalo constantemente para me inscribir nalgún círculo ou lugar no mundo. Gústame revisar o meu traballo nos coloquios posteriores co público ou lendo e conversando con outra xente sobre os meus filmes. Divírteme moito desenvolver un proxecto no papel, tentando imaxinar todas as posibilidades dunha determinada realidade. Nunca sei por completo o que vai pasar, é un construto teórico. Logo vou e grávo sabendo que estou a xogar coas expectativas e que non todas se van cumprir. Hai un cariz emotivo, intuitivo en todo isto, pois precisas reaccionar sen tempo a pensar en moitas ocasións. Cómpre estar preparada. Logo, cando volvo a casa co material, regreso ao campo da teoría, mais iso pode ser perigoso, porque as teorías non sempre funcionan ben na práctica. Para o traballo de edición cómpre traballar coa intuición, co aspecto emocional do material gravado. Cómpre crear unha estrutura mais cando a tes é necesaria unha certa liberdade para que se converta en algo máis que foxa da túa vontade.

Publicado en <https://mubi.com/>
Tradución de Xan Gómez Vías

AULA OS OLLOS VERDES

«Como eliminar o límite entre a ficción e os feitos?»

**LUNS 21 DE NOVEMBRO 2016
18:00**

Entrada libre e gratuíta até completar aforo.
Reservas en comunicacion@numax.org
Duración estimada: 2 horas

Na Aula «Os ollos verdes» de NUMAX, titulada *Como eliminar o límite entre a ficción e os feitos?* Salomé Lamas transitará a porosa fronteira entre documental e ficción, analizando a súa maneira de traballar desafiando xéneros e modos de exhibición convencionais. No curso da aula serán proxectados fragmentos dos seus principais filmes, con especial énfase en *Eldorado XXI*, a súa última obra.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org